

MÁIS QUE NUNCA QUEREMOS GALEGO

Convocados pola plataforma cidadá **Queremos Galego**, o vindeiro día 17 de maio temos unha nova cita para reclamarmos o dereito do país a conservar e normalizar o idioma propio. As rúas e prazas das nosas vilas e cidades converteranse en espazos de rebeldía para esixirmos **liberdade, igualdade e xustiza para o galego** tal e como recolle o lema do [Manifesto da Plataforma](#).

Nova Escola Galega apoia estas mobilizacións e anima vivamente á participación. Trátase dunha ocasión para lles mostrar ao goberno e aos grupos que negan o galego que non estamos dispostos e dispostas a seguirmos na liña de involución que estes tempos recentralizadores pretenden marcar. Un retroceso que nos está levando a unha situación que pensabamos xa superada, de minoración da lingua e da cultura propias, de avance de usos diglósicos, de diminución alarmante de falantes e dunha certa alienación a prol de formas e usos alleos que lembra tempos pasados que coidamos que non volverían.

Facemos propio o convite e as reivindicacións contidas no Manifesto da **Plataforma Queremos Galego** para o Día das nosas letras, no convencemento de que precisamos xuntármonos ao chamado desta dignidade colectiva, en calquera recuncho do país onde sexamos reclamados para esta causa, fachendosas da nosa lingua.

Maio de 2019.

Nesta [ligazón](#) pode accederse aos lugares previstos para as mobilizacións e ao cartel alusivo.